

## **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR PRESTACIÓN DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS.**

### **Artigo 1º.- Concepto.**

No uso das facultados concedidas polos artigos 133.2 e 142 da CE e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto no artigo 24 do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa pola prestación de servizos deportivos municipais, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, atendendo ás normas ó previsto no artigo 57 do citado RDL.

### **Artigo 2º.- Obrigados ó pagamento.**

Están obrigados ó pagamento das taxas reguladas nesta Ordenanza as persoas ou entidade que utilicen as instalacións deportivas municipais ou sexan usuarias dos servizos deportivos abaixo citados.

### **Artigo 3º.- Contía.**

1. A contía das taxas reguladas nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte para cada un dos distintos servizos ou actividades.
2. Tarifas para o exercicio 2009:
  - a. Entrada á piscina: 1,00 euros por persoa.
  - b. Abono mensual piscina: 10 euros por persoa.
  - c. Abono temporada piscina: 20 euros por persoa.
  - d. Cursiños natación: 6 euros por persoa.
  - e. Utilización pavillón polideportivo: 8 euros/hora.
  - f. Liga fútbol-sala (inverno): 250 euros por equipo.
  - g. Escolas deportivas: 40 euros por persoa; 35 euros por persoa cando haxa máis dun membro da mesma familia; 30 euros por persoa cando haxa máis de dous membros da mesma familia.
  - h. Ximnasia de mantemento: 50 euros por persoa.
  - i. Campamentos: 60 euros por persoa; 55 euros por persoa cando haxa máis dun membro da mesma familia.
  - j. Ximnasia da 3ª idade: 40 euros por persoa.
  - k. Utilización campo de fútbol de herba artificial de Cepelo: 50 euros/hora.
  - l. Utilización das pistas de tenis: 2 euros/hora.

### **Artigo 4º.- Exencións e bonificacións.**

1. Non están suxeitos a esta taxa aquelas utilizacións correspondentes a competicións organizadas ou patrocinadas por iniciativa do Concello de Negreira.

2. A Xunta de Goberno Local poderá conceder exencións ou bonificacións desta taxa no caso de utilización das instalacións para a celebración de actos organizados con fins benéficos.

As persoas ou entidades interesadas na obtención da devandita exención ou bonificación deberán solicitalas por escrito con anterioridade á celebración das actividades, acreditando abondo as circunstancias que concorran na súa pretensión.

#### **Artigo 5º.- Devengo, liquidación e ingreso.**

1. No caso xeral de utilización individualizada das instalacións deportivas municipais fundiranse nun só intre procedimental as fases de devengo, liquidación e pago da taxa. Dito intre procedimental producirase cando a persoa manifeste a súa pretensión de utilizar as referidas instalacións.
2. No caso de solicitude por colectivos para a utilización nun momento posterior, o devengo e a liquidación produciranse coa autorización da Alcaldía. O pago, que se efectuará con anterioridade á utilización efectiva, realizarase na Tesourería municipal.

#### **Disposición final.**

A presente Ordenanza entrará en vigor ó día seguinte o da súa íntegra publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.